



BANDO

MEDIDAS NECESARIAS PARA GARANTIR O ABASTECIMIENTO DE AUGA

DON XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO);

INFORMA:

Durante os meses de abril, maio e xuño, as precipitacións rexistradas foron moi escasas, o que deu lugar a unha **situación de seca prolongada** que xa comeza a **afectar de maneira significativa ao abastecemento da rede municipal de auga**.

Na actualidade, **as fontes presentan un caudal propio dos meses de agosto ou setembro**, unha situación anómala para esta época do ano. Esta circunstancia afecta tanto ás fontes públicas como ao conxunto dos mananciais do municipio, que experimentan un descenso xeneralizado dos seus niveis de auga.

Ante esta situación, o Concello fai un chamamento á **responsabilidade, á concienciación e á colaboración de toda a veciñanza**, co obxectivo de preservar un recurso esencial como é a auga e garantir o seu subministro para os usos prioritarios.

Por este motivo, recoméndase facer un **uso responsable da auga**, evitando consumos innecesarios, especialmente aqueles destinados a usos non esenciais, tales como:

- O rego de xardíns, hortas e zonas verdes nas horas de maior consumo.
- O lavado de vehículos con auga da traída municipal.
- O enchido de piscinas, salvo casos estritamente necesarios.
- A limpeza de beirarrúas, patios ou outras superficies con manguera.
- Calquera outro uso que supoña un consumo excesivo ou evitable.

Así mesmo, pregamos que se revisen as instalacións particulares para detectar e reparar posibles fugas e que se adopten hábitos de aforro no consumo diario.

A colaboración de todas e todos resulta fundamental para afrontar esta situación e evitar que sexa necesario adoptar medidas máis restritivas no futuro.

Agradecemos de antemán a comprensión e o compromiso da veciñanza.

O Alcalde

Asdo.: Xosé María Arias Fernández

